

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO PARA A COLOCACIÓN DE CORDAS COLECTORAS DE SEMENTE DO MEXILLÓN NO ÁMBITO DE COMPETENCIA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO

ANTECEDENTES

1. Con data do 30.09.2025 esta dirección territorial resolveu modificar o período polo que se autoriza a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas, establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, de forma que, no ámbito de competencia territorial deste departamento, as cordas que tiveran sido colocadas no período regulamentariamente establecido poderán manterse na batea ata o **30 de novembro do 2025**.
2. O 14.11.2025 a Federación de Asociacións de Mexilloeiros FEMEX solicitou manter as actuais cordas colectoras ata o 31 de decembro de 2025, para todos os polígonos mexilloeiros por mor das toxinas, polo atraso nas vendas e polas circunstancias climáticas actuais.
3. Con data do 17.11.2025 Amegrove Sociedad Cooperativa Galega solicitou ampliación do período de mantemento das cordas colectoras ata o 31 de xaneiro de 2026, ou, a lo menos, ata un mes despois da apertura dos polígonos mencionados.
4. O 19.11.2025 a Asociación Productores Mejilloneros Ria Nosa de Moaña solicitou a prórroga do período de mantemento das cordas colectores polo menos ata o 31 de decembro de 2025.
5. O 25.11.2025 a Asociación De Mexilloeiros da Illa de Arousa solicitou a prórroga do período de mantemento das cordas colectoras de semente de mexillón en bateas, en dous meses dende a apertura das zonas por resolución de autorización do Intecmar, para os polígonos de Vilagarcía A, Cambados B1, Cambados A2-E, Cambados B, Cn, Cs e O Grove C1, C2, C3 e C4.
6. O 26.11.2025, reuniuse, con carácter extraordinario, a Comisión do Mexillón para avaliar, entre outras cuestións, as solicitudes de ampliación do prazo de colocación de cordas colectoras.





A Consellería do Mar propuxo que ante a actual situación de peches de case todos os polígonos de bateas por biotoxinas se permita o mantemento de **50 cordas colectoras** a maiores das 500 autorizadas do **01.12.2025 ata o 31.12.2025**. Os membros da comisión manifestan a súa conformidade a esta proposta.

7. O 27.11.2025 o subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura emitiron informe, respecto das ditas solicitudes, no que sinalan que non observan ningún inconveniente en que, con carácter excepcional, se manteñan as ditas cordas colectores ata 31.12.2025.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 36 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, dispón:

"1. Poderán colocarse cordas colectoras de semente do mexillón sempre que o número total de cordas da batea non sobrepase a densidade e número máximo a que se refire o artigo anterior.

2. Independentemente do recollido no punto anterior, no período que vai dende o 1 de abril ata o 30 de setembro, autorízase a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas de modo que o seu número non sobrepase as 100 respecto ao máximo que lle corresponde á dita batea.

*Cando fenómenos medioambientais excepcionais alteren o ciclo normal de reprodución da especie, modificándose a época de fixación larvaria, a **delegación territorial** (agora departamento territorial), dentro do ámbito da súa competencia **poderá variar o dito período, previa petición da maioría de entidades representativas do sector e informe da correspondente unidade técnica administrativa.***

En todo caso, unha vez finalizado o período, o número de cordas axustarase ao que corresponda á batea."

2. As alteracións motivadas polo cambio climático nas condicións oceanográficas e ambientais provocan que cada vez sexan máis frecuentes os desprendementos de mexillón e a escaseza de mexilla nas rochas na época hábil de recollida. Ademais, a dependencia dos factores climatolóxicos nos desoves do mexillón levan consigo ter en consideración a petición do sector, no que respecta á ampliación do prazo para o mantemento das cordas colectoras. Así mesmo, a maior necesidade de semente debido a cambios nas demandas de mexillón de talla máis pequeno para o consumo en fresco, favorecen a necesidade de buscar alternativas para que os bateeiros se poidan abastecer de semente de mexillón, para complementar á recollida en rocha e evitar unha dependencia desta.





Por conseguinte, atendendo ao informe do subdirector xeral de Acuicultura e do xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura do 27.11.2025 e ao acordado na reunión da Comisión do Mexillón, celebrada o 26.11.2025, procede modificar o período de permanencia das cordas colectoras, de forma que dende o 01.12.2025 ata o 31.12.2025 poderán manterse un máximo de 50 cordas colectoras respecto das xa colocadas no período regulamentariamente establecido.

3. De acordo co citado artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, a competencia para ditar a presente resolución correspóndelle a persoa titular da dirección territorial correspondente.

Á vista do exposto, **RESOLVO**

Modificar o período establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, de forma que, no ámbito de competencia territorial deste departamento, **poderán manterse na batea ata o 31 de decembro de 2025 un máximo de 50 cordas colectoras respecto das colocadas no período regulamentariamente establecido.**

Esta modificación do período de colocación das cordas colectoras queda suxeita ás seguintes condicións:

Primeira. Esta modificación do período afecta á permanencia das cordas colectoras xa colocadas na batea no período regulamentariamente establecido para esta campaña 2025, cun máximo de 50 cordas; de forma que non se autoriza a colocación de novas cordas colectoras.

Segunda. As persoas concesionarias deben comunicar o número de cordas colectoras que permanecerán no período extraordinario (do 01.12.2025 ata o 31.12.2025) indicando o nome do viveiro e a súa localización, a través da aplicación TRAZAMAR (<https://www.pescadegalicia.gal/trazamar/login>).

Terceira. Seguimento da recollida de semente de mexillón nas cordas colectoras. As persoas concesionarias deben realizar a declaración da semente de mexillón captada nas cordas colectoras a través das ferramentas informáticas que a administración pon a súa disposición para tal fin.

Cuarta. En todo caso, para os efectos de realizar o correspondente seguimento técnico, as persoas concesionarias dos viveiros deben colaborar co persoal da Consellería do Mar facilitándolles a información que lles sexa requirida.





Quinta. De acordo co artigo 36.3 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivo nas augas de Galicia, as cordas colectoras terán libre un dos seus extremos, non poderán ter máis de 5 metros de lonxitude contados a partir da superficie do mar e deberán estar claramente identificadas mediante unha marca de cor vermella intensa, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que as diferencien perfectamente das cordas de engorde.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Conselleira do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Vigo

A directora territorial

